


Área / Unidad CONTRATACION CT0000 SML	Documento 43013I00KI	
Código de verificación  3Q48 1P3A 252J 2D38 11U7	Expediente 237/2018/188	
	Fecha 27-02-2019	

INFORME EMITIDO EN RELACIÓN AS OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDEMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "ESPAZO DIVERSO" DEDICADO ÁS DIVERSIDADES SEXUAIS E IDENTIDADES DE XÉNERO NA CIDADE DA CORUÑA, DIRIXIDO A PERSOAS E COLECTIVOS LGTBQI EN ASUNTOS RELACIONADOS COA DIVERSIDADE SEXUAL, OS DEREITOS HUMANOS E A IGUALDADE EFECTIVA" (EXP. 237/2018/188)

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Iniciouse o expediente que tiña por obxecto a contratación do servizo denominado "Espazo Diverso" dedicado ás diversidades sexuais e identidades de xénero na cidade da Coruña, dirixido a persoas e colectivos LGTBQI en asuntos relacionados coa diversidade sexual, os dereitos humanos e a igualdade efectiva. Expediente 237/2018/188

SEGUNDO.- No prego de cláusulas administrativas especificábase que o presuposto de licitación é de 77.240,69 euros para os dous lotes (sen IVE) repartido da seguinte maneira:

LOTE 1: 55.753,09 euros sen ive
LOTE 2: 21.487,60 euros sen ive

TERCERO.- O día 26 de febreiro de 2019 tivo lugar a apertura das proposicións económicas.

CUARTO.- Para o lote número 1 unicamente temos a oferta da Asociación Galega para a Saúde Sexual. No caso do lote número 2 temos dúas ofertas: Galicia Event Crew, S.L. e Culturactiva S. Coop. Galega

OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

LOTE 1

Como xa indicamos anteriormente temos unha única oferta, a da Asociación Galega para a Saúde Sexual. O outro licitador, Comité Ciudadano Anti-Sida non logrou a puntuación técnica mínima e quedou excluída do procedemento.

O cuadro de características do contrato, recollidas no prego de cláusulas administrativas, no seu punto 10.3 establece cando as propostas están en baixa temeraria.

No caso dos prezos hora aplicarase o artigo 85 do Real decreto 10998/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral la Ley de contratos do sector público. Afecta aos 4 primeiros criterios de adxudicación:

1.-Prezo/hora servicio de atención e funcionamento ordinario:

O prezo máximo é de 23,64 euros/hora e a oferta do licitador é de 21,52 euros/hora, e dicir unha baixa do 9% que está por debaixo do establecido no artigo 85 (25% no caso dunha única empresa)

2.- Prezo/hora do servizo de atención psicológica-social:

O prezo máximo é 60 euros/hora. A empresa oferta 57 euros/hora. A baixa é do 5%. Non supera o límite do 25%

3.- Prezo/hora do servizo de orientación e asesoramiento xurídico.

O prezo máximo é 60 euros/hora. A empresa oferta 58 euros/hora. A baixa é dun 1,4%, dentro do límite do 25%

4.- Prezo/hora para actividades de formación e talleres e actividades socioeducativas grupais.

Prezo máximo 40 euros/hora. O licitador oferta este mesmo prezo. Non hai baixa.

5.- Importe para actividades de visibilización, divulgación e sensibilización.

Neste caso o cuadro de características do contrato, no punto 10.3, indica que a oferta debe estar dentro dos prezos mínimo e máximo, e dicir entre 4.000 e 6.000 euros. A oferta é de 4.500 euros.

6.- Mellora sen coste do mínimo de 20 horas previsto no procedemento para o servizo de interpretación de lingua de signos.

O punto 10.3 do cuadro de características do contrato establece que non se pode pasar do máximo establecido nos criterios de adxudicación, é dicir non pode superar as 40 horas (20 horas por encima do mínimo). A oferta do licitador é de 5 horas.

A oferta da Asociación Galega para a Saúde Sexual non presenta valores anormais ou desproporcionados en ningún dos criterios de valoración.



LOTE 2

Neste caso temos dúas ofertas, a de Galicia Event Crew, S.L. e a de Culturactiva S. Coop. Galega.

1.- *Importe da retribución pola actividade de organización da Festa do Orgullo.*

Estan en baixa, segundo o punto 10.3 do cuadro de características do contrato recollido no prego administrativo, as ofertas que non se axusten aos parámetros mínimos (4.000 euros) e máximos (6.000 euros) previstos no prego.

As dúas empresas ofertas 4.000 euros sen iva., 4.840 euros con iva, polo que están dentro dos límites.

2.- Mellora, sen coste para o Concello, relativa a instalación, retirada e limpeza de Wc´s químicos portatís para a "Festa do Orgullo". As ofertas non poden superar a instalación de 3 Wc´s. Como no caso anterior a oferta das dúas empresas é a mesma, 3 wc´s.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

LOTE 2

Como xa vimos anteriormente as empresas Galicia Event Crew, S.L. e a de Culturactiva S. Coop. Galega presentan a mesma oferta económica polo que é a valoración técnica (informe da Xefe de Servicio de Igualdade e Diversidade) a que decide quen presenta a oferta mellor valorada. Neste caso é a oferta **de Cultura Sociedad Cooperativa** a que leva mellor puntuación técnica, 7 puntos, fronte aos 2,4 puntos da oferta de Galicia Event Crew, S.L..

A Coruña, na data de sinatura electrónica

Beatriz Mariño Vila
Xefa do Servicio de Contratación